FONDO SOCIAL EUROPEO

CIM santiago

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Igualdade

CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría da Área de Servizos Sociais

MEMORIA

CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2014

Ficha técnica

Localización					
Denominación	C.I.M DE SANTIAGO DE COMPOSTELA				
Titularidade	MUNICIPAL	**Dependencia (alcaldía, concellería...)**	Concellaría da Área de Servizos Sociais		
Enderezo	RÚA DE ISAAC DÍAZ PARDO, Nº2-4		**C.P.**	15705	
Localidade	SANTIAGO DE COMPOSTELA	**Provincia**	A CORUÑA		
Teléfonos	981- 542465	**Fax**	981- 542469		
Correo electrónico	cim@santiagodecompostela.org				
Área de influencia	SANTIAGO				
Ano de inicio de actividade	2005				
Períodos interrupción	NINGÚN				

Prestación do servizo	
Días e horario de atención a usuarias/os	DE LUNS A VENRES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horario de asesoramento xurídico	MARTES E VENRES DE 8.00 A 15:00 HORAS
Días e horario de atención psicolóxica	LUNS E MÉRCORES DE 8:00 A 15:00 HORAS
Días e horarios de atención social	LUNS E MÉRCORES DE 8.00 A 15:00 HORAS

Persoal			
Avogada **Persoal Laboral Fixo**	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2014.	**Directora**	NON
Psicóloga **Funcionaria Interina**	Datos contidos na solicitude e na xustificación da subvención 2014.	**Directora**	NON

Outro persoal do CIM	**Cat. profesional/tipo contrato/salario bruto mensual**
-DIRECTORA (LICENCIADA EN DEREITO). (FUNCIONARIA DE CARREIRA). -TRABALLADORA SOCIAL (LABORAL FIXO). -ADMINISTRATIVA (LABORAL FIXO).	**Os datos relativos a este apartado, están incluídos na solicitude e na xustificación da subvención convocada pola Secretaría Xeral de Igualdade, ao abeiro da Resolución do 30 de abril de 2014.**

Orzamentos		
Custo anual (€)	**Financiamento propio (€)**	**Ingresos doutras administracións (tipo/finalidade/€)**
213.515,24 €	**169,515,24 € Diferenza entre lo Que costa y lo q concedieron q aún no se sabe**	Para o programa CIM o Concello non recibe máis axuda que a proporcionada a través da convocatoria anual de subvencións da Secretaría xeral de Igualdade.

2. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER": **HOMENAXE A TRES MULLERES QUE ABREN CAMIÑOS.**
Lugar e datas de realización	SALÓN VERMELLO DO PAZO DE RAXOI. 7 DE MARZO 19:30 HORAS.
Núm. de horas	2 HORAS

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO CONVIDADO									

Descrición do contido da actividade

ENTRE AS MEDIDAS DE ACCIÓN POSITIVA DESTINADAS A FACER REALIDADE O PRINCIPIO DE IGUALDADE, OBXECTIVO DO III PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO, DESTACA O COMPROMISO DA CONCELLARÍA DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS: MULLER E IGUALDADE, COA PROMOCIÓN E O RECOÑECEMENTO DE TODAS AQUELAS MULLERES QUE DESTACARON OU DESTACAN EN DIVERSOS ÁMBITOS OU SECTORES DA NOSA SOCIEDADE.

ACTO HOMENAXE A TRES MULLERES QUE DESTACAN POLA SÚA TRAXECTORIA AO FRONTE DE PROXECTOS SOLIDARIOS, MULLERES DA CIDADE E QUE SON SÍMBOLOS DO RECOÑECEMENTO A MOITAS OUTRAS. AS MULLERES HOMENAXEADAS FORON: DONA MARÍA CASTRO GIGIREY. PROXECTO "XUNTOS PODEMOS". DONA CHARO BARCA FERNÁNDEZ. FUNDACIÓN "ANDREA" E DONA Mª JESÚS IGLESIAS GÓMEZ. PROXECTO "PALUSO".

A IMPOSICIÓN DAS MEDALLAS (ELABORADAS ESPECIALMENTE PARA ESTA OCASIÓN POLO OURIVE FERNANDO MAYER COA IMPRESIÓN DA FRASE DE CONCEPCIÓN ARENAL: "TODAS AS COUSAS SON IMPOSIBLES MENTRES O PARECEN") CORREU A CARGO DE D. ANGEL CURRÁS FERNÁNDEZ (ALCALDE DE SANTIAGO), DNA. SUSANA LÓPEZ ABELLA (SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA) E DNA. MARÍA CASTELAO TORRES (CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO).

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

CUMPRIUSE O OBXETIVO PRETENDIDO POLA CONCELLARÍA DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS-CIM DO CONCELLO DE SANTIAGO, QUE CONSISTÍA EN VISIBILIZAR O LABOR DESTAS MULLERES E POR DE RELEVO A CADA VEZ MAIOR PRESENZA FEMININA EN PROL DOS CIDADÁNS.

do público asistente

BOA ACOLLIDA POR PARTE DAS HOMENAXEADAS, PÚBLICO CONVIDADO E MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

Custo global da actividade:	**2.339,00 € TODOS OS ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 8 DE MARZO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER".**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	COLABORACIÓN NAS IX XORNADAS DE FORMACIÓN EDUCACIÓN, XÉNERO E IGUALDADE.										
Lugar e datas de realización	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. 20 E 21 DE MARZO 2014.										
Núm. de horas	30 HORAS										
Núm. de participantes											
HOMES											
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**		
MULLERES											
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**		
PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO EN XERAL: ESTUDIANTES E PROFESIONAIS.										
Descrición do contido da actividade											
XORNADAS ORGANIZADAS POR CIFEX NAS QUE COLABORA A CONCELLARÍA DA AREA DE SERVIZOS SOCIAIS – CIM. COA COLABORACIÓN NESTAS XORNADAS SE PRETENDE INCIDIR, POR UN LADO NA REALIDADE DAS DIVERSAS POLÍTICAS DE IGUALDADE, TAL E COMO SE PRESENTAN NA ACTUALIDADE, E EN QUE GRAO ENFLÚEN EN MÚLTIPLES ÁMBITOS, PARTICULARMENTE NO SOCIAL, LABORAL E SOCIOEDUCATIVO, E POR OUTRO, MOSTRAR AS ACHEGAS DAS MULLERES Á CIENCIA E A VISIBILIZACIÓN DE TALES ACHEGAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS CIENTÍFICOS.										
Valoración da actividade desenvolvida											
da entidade organizadora											
VALORACIÓN POSITIVA POR PARTE DA ENTIDADE ORGANIZADORA, XA QUE SE CONSEGUIU ABRIR UN ESPAZO DE REFLEXIÓN NO QUE CONFLUIRAN AS POLÍTICAS DE IGUALDADE E A VISIBILIZACIÓN DAS ACHEGAS DAS MULLERES AO ÁMBITO CIENTÍFICO, ENFOCADO DENDE AS DIFERENTES PERSPECTIVAS QUE CONFORMAN DITO ÁMBITO.											
do público asistente											
VALORACIÓN POSITIVA POR PARTE DO PÚBLICO, CON UN ALTO NIVEL DE PARTICIPACIÓN.											
Custo global da actividade:	**3.000 €**										

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**XORNADAS FORMATIVAS PARA PROFESIONAIS: VIOLENCIA DE XÉNERO.**
Lugar e datas de realización	EDIFICIO CERSIA. 10, 24 E 29 DE ABRIL; 8, 15, 20 E 27 DE MAIO; E 5, 12 E 19 DE XUÑO.
Núm. de horas	60 HORAS

Núm. de participantes

HOMES	3									
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES	51									
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	FPROFESIONAIS QUE TRABALLAN NO ÁMBITO DA VIOLENCIA DE XÉNERO.									

Descrición do contido da actividade

O III PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO (APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DO 20/10/2009 E PRORROGADO NA SESIÓN DO 13/02/2012 ATA O ANO 2014), TEN ENTRE AS SÚAS PRIORIDADES COMO OBXECTIVO XERAL NA ESFERA DA *COOPERACIÓN INSTITUCIONAL*, CONSOLIDAR AS CANLES DE COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL PARA ALCANZAR A IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES, ESTABLECENDO E FOMENTANDO ESTRUTURAS DE COORDINACIÓN INTERADMINISTRATIVA. ADEMÁIS DE PROPORCIONAR UN LUGAR DE INTERCAMBIO E REFLEXIÓN SOBRE OS DIFERENTES ENFOQUES DE ACTUACIÓN ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA MELLORAR A FORMACIÓN ENTRE OS DIFERENTES PROFESIONAIS CARA A UNHA EFICAZ PREVENCIÓN.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

TENDO EN CONTA QUE O PROGRAMA PROPOSTO CONSISTEU NA REALIZACIÓN DUNHAS XORNADAS FORMATIVAS COMPLEMENTARIAS AO **I CONGRESO DE INTERVENCIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO QUE SE CELEBROU EN NOVEMBRO DE 2013,** NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POR PARTE DA ENTIDADE ORGANIZADORA EXISTEU UN ALTO GRAO DE SATISFACCIÓN XA QUE SE LOGROU PROPICIAR UN LUGAR DE REFLEXIÓN E DE ELABORACIÓN DE CONCLUSIÓNS PARA PROFESIONAIS QUE TRABALLAN NESTE ÁMBITO.

do alumnado e profesorado participante

ALTO GRAO DE SATISFACCIÓN POR PARTE DE PROFESIONAIS PARTICIPANTES E POÑENTES SEGUNDO CUESTIONARIO DE VALORACIÓN .

Custo global da actividade:	**6.110,50 € (ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA EXCMA: DEPUTACIÓN DE A CORUÑA).**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 15 DE MAIO: "DÍA INTERNACIONAL DA FAMILIA".**
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS FONTES DO SAR. 16 DE MAIO. DE 17:30 A 21:00 HORAS
Núm. de horas	3:30 HORAS.

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO EN XERAL.									

Descrición do contido da actividade

A ASAMBLEA XERAL DAS NACIÓNS UNIDAS, MEDIANTE A RESOLUCIÓN 42/237 DO 20/09/1993, INSTITUCIONALIZOU O 15 DE MAIO COMO DÍA INTERNACIONAL DA FAMILIA.

O PROGRAMA DE ACTOS AO LONGO DE TODA A TARDE FOI:

INCHABLES DE 17:30 21:00 HORAS.

CONTACONTOS: "DE TIN MARÍN" A CARGO DE MARÍA SOLEDAD FELLOZA DE 19.00 A 20.00 HORAS.

SHOW DE ESCENA EVENTO MAGO XACOBE –. "ILUSIONES MÁXICAS" DE 20.00 A 21.00 HORAS.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

POR PARTE DA ENTIDADE ORGANIZADORA VALOROUSE POSITIVAMENTE ESTE DÍA CONMEMORATIVO, XA QUE NESTE ESPAZO COINCIDEN PAIS, NAIS E NENAS/OS; QUE SON OS RESPONSABLES DIRECTOS DA CORRESPONSABILIDADE E DE DISFRUTE DOS TEMPOS COMPARTIDOS DE LECER E DE TAREFAS.

do público asistente

XORNADA MOI VALORADA POLO PÚBLICO ASISTENTE (ADULTOS/AS E NENOS/AS).

Custo global da actividade:	**2.204,22 € (TOTAL DOS ACTOS CONMEMORATICOS DO DÍA 15 DE MAIO: "DÍA INTERNACIONAL DA FAMILIA").**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO E DE DEFENSA DA MULLER.**										
Lugar e datas de realización	SUBVENCIÓN ANUAL. BOP Nº 89 DE 13 DE MAIO DE 2014.										
Núm. de horas											
Núm. de participantes											
HOMES											
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**		
MULLERES											
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**		
PÚBLICO OBXECTIVO	ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.										
Descrición do contido da actividade											
CONVOCATORIA ANUAL DE CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO. O OBXETIVO É FAVORECER O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL DESTES COLECTIVOS, PROMOVER A SUA PARTICIPACIÓN ACTIVA EN TÓDOLOS ÁMBITOS E CONTRIBUIR A FACER EFECTIVA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES..										
Valoración da actividade desenvolvida											
da entidade organizadora											
ESTE ANO BENEFICIÁRONSE DESTA SUBVENCIÓN TRECE ENTIDADES.											
do público asistente											
Custo global da actividade:	**17.000,00 €**										

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (Colaboración CIM).

Identificación da actividade	**OBRADOIROS IGUALDADE : " II MERCADILLO SOLIDARIO TRÓCAME-ROQUE"**										
Lugar e datas de realización	CENTRO COMERCIAL ÁREA CENTRAL. VENRES, 23 DE MAIO.										
Núm. de horas	DE 16:30 A 19:30 H. 3 HORAS.										
Núm. de participantes											
HOMES											
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**		
MULLERES											
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**		
PÚBLICO OBXECTIVO	PÚBLICO EN XERAL										
Descrición do contido da actividade											
PARTICIPACIÓN CON OBRADOIROS DE IGUALDADE NO PROXECTO DE TRABALLO COMUNITARIO E EN REDE. MERCADO SOLIDARIO INFANTIL E XUVENIL PROMOVIDO POLAS ENTIDADES SOCIAIS, EDUCATIVAS E SANITARIAS DO BARRIO DE FONTIÑAS. ESTA MERCADO SÚMOUSE Á AMPLA GAMA DE ACTIVIDADES QUE VÉN REALIZANDO O GRUPO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS. O SEU OBXECTIVO É FOMENTAR A DINAMIZACIÓN SOCIAL NA ZONA, REFORZAR O TECIDO ASOCIATIVO DO BARRIO, REFORZAR OS ESPAZOS DE ENCONTRO, ACTIVAR OS PROCESOS DE SOLIDARIEDADE E CONCIENCIAR AOS MÁIS NOVOS/AS SOBRE A IGUALDADE E A REALIDADE SOCIAL E COMUNITARIA.										
VALORACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA											
DA ENTIDADE ORGANIZADORA											
POR PARTE DA ENTIDADE ORGANIZADORA VALOROUSE POSITIVAMENTE ESTE PROXECTO, XA QUE NESTE ESPAZO COINCIDEN PAIS, NAIS E NENAS/OS; QUE SON OS RESPONSABLES DIRECTOS DA TRANSMISIÓN E RECEPCIÓN DE VALORES DE IGUALDADE, CORRESPONSABILIDADE E DE DISFRUTE DOS TEMPOS COMPARTIDOS. AO REDOR DO MERCADO CELEBRÁRONSE OUTRAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN, PARA FOMENTAR A PARTICIPACIÓN E REFORZAR OS ESPAZOS DE CONVIVENCIA, TRANSMITINDO OS VALORES DE SOLIDARIEDADE DENDE O OCIO, COMPÁRTINDO OS TEMPOS, FAVORECENDO A CONVIVENCIA.										
do público asistente											
ACTIVIDADE DE FOMENTO DA IGUALDADE CON COLABORACIÓN POR PARTE DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: 30 MENORES.											
Custo global da actividade:	**900,00 €**										

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**COLABORACIÓN NAS II XORNADAS DE CRIANZA CONSCIENTE E COACHING FAMILIAR.**										
Lugar e datas de realización	HOTEL OCA PUERTA DEL CAMINO. SÁBADO 28 DE XUÑO.										
Núm. de horas	8 HORAS.										
Núm. de participantes											
HOMES											
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**		
MULLERES											
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**		
PÚBLICO OBXECTIVO	FAMILIAS E PROFESIONAIS QUE TRABAJAN CON NENOS, NENAS E ADOLESCENTES A TRAVÉS DE INSCRPCIÓN.										
Descrición do contido da actividade											
XORNADAS ORGANZADAS POR EICYC (ESCUELA INTERNACIONAL DE CRIANZA Y COACHING), ESPECIALIZADAS NO APOIO ÁS FAMILIAS E PROFESIONAIS QUE DESEXAN COÑECER NOVAS TÉCNICAS, ESTRATEXIAS, E AS MÁIS INNOVADORAS FERRAMENTAS PARA FACILITALO CAMBIO E A MELLORA NA CRIANZA, EDUCACIÓN, COMINICACIÓN E RELACIÓN EN FAMILIA. COA PRESENCIA COMO POÑENTE DE D. CARLOS GONZÁLEZ (PEDIÁTRA ESPECIALIZADO NA CRIANZA.										
Valoración da actividade desenvolvida											
da entidade organizadora											
SEGUNDO INFORME DA ENTIDADE ORGANIZADORA VALORÁRONSE POSITIVAMENTE ESTAS II XORNADAS, XA QUE NESTE ESPAZO COINCIDEN PAIS, NAIS E NENAS/OS; QUE SON OS RESPONSABLES DIRECTOS DA TRANSMISIÓN E RECEPCIÓN DE VALORES DE EDUCATIVOS, CORRESPONSABILIDADE E DE DISFRUTE DOS TEMPOS COMPARTIDOS. AO REDOR DESTA XORNADAS DE FORMACIÓN CELEBRÁRONSE OUTRAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN, PARA FOMENTAR A PARTICIPACIÓN E REFORZAR OS ESPAZOS DE CONVIVENCIA, TRANSMITINDO OS VALORES DE SOLIDARIEDADE DENDE O OCIO, COMPÁRTINDO OS TEMPOS, FAVORECENDO A CONVIVENCIA.										
do alumnado e profesorado participante											
SEGUNDO INFORME DA ENTIDADE ORGANIZADORA VALOROUSE POSITIVAMENTE ESTAS II XORNADAS POR PARTE DO PÚBLICO ASISTENTE POLA BOA ORGANIZACIÓN, XA QUE SUSCITARÓN UN GRAN INTERÉS FORMATIVO A NIVEL TEÓRICO E TAMÉN PRÁCTICO.											
Custo global da actividade:	**605,00 €**										

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	PARTICIPACIÓN NA XORNADA. "OS RETOS: EMPRENDEMENTO, CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE. ORGANIZADA POLA SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE.									
Lugar e datas de realización	ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP). 15 DE OUTUBRO.									
Núm. de horas	8 HORAS.									
Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO										
Descrición do contido da actividade										
O CIM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARTICIPOU NESTA XORNADA A TRAVÉS DA PARTICIPACIÓN COMO RELATORA NA MESA REDONDA BAIXO O TÍTULO: " TRABALLANDO EN IGUALDADE. FUNCIONAMENTO E IMPORTANCIA DOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER" DE TERESA FURELOS TORAL (XEFA DE SERVIZO DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E DIRECTORA DO CIM DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.									
Custo global da actividade	ACTIVIDADE SEN CUSTO PARA O CIM.									

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	**MARATÓN DEPORTIVO SOLIDARIO *PINK POWER*, CELEBRADO CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL CONTRA O CANCRO DE MAMA.**
Lugar e datas de realización	MULTIUSOS FONTES DO SAR. 19 DE OUTUBRO.
Núm. de horas	4 HORAS.

Núm. de participantes										
HOMES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**		**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
PÚBLICO OBXECTIVO										

Descrición do contido da actividade

NO MARATÓN DEPORTIVO SOLIDARIO *PINK POWER*, CELEBRADO CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL CONTRA O CANCRO DE MAMA HOUBO CLASES DIRIXIDAS DE ZUMBA, CAPOEIRA E BODYCOMBAT NA PISTA CENTRAL DO RECINTO ADEMÁIS DE ACTIVIDADES PARA OS/AS MÁIS PEQUENOS/AS.

OS/AS ASISTENTES PARTICIPARON EN CLASES DIRIXIDAS DE ZUMBA, UNHA DISCIPLINA DE EXERCICIOS DE BAILE INSPIRADOS NA MÚSICA LATINA, CUNHA MESTURA DE MÚSICA INTERNACIONAL CREADA POR PRODUTORES DE PRESTIXIO. TAMÉN HOUBO UNHA SESIÓN DE CAPOEIRA, A ANTIGA DANZA BRASILEIRA, QUE SE REMONTA A VARIOS SÉCULOS DE ANTIGÜIDADE E NA QUE SE COMBINAN AS ARTES MARCIAIS COA ENERXÍA DO ENTROIDO CARIOCA. AS CLASES COMPLETÁRONSE CO BODYCOMBAT, UN PROGRAMA DE ADESTRAMENTO CARDIOVASCULAR INSPIRADO NAS ARTES MARCIAIS, CO QUE SE LIBERAN GRANDES DOSES DE ADRENALINA.

PARA OS/AS MÁIS PEQUENOS/AS ESTIVO DISPOÑIBLE O MULTIXOGO, O PARQUE INFANTIL QUE ABRE TODOS OS DOMINGOS POLA TARDE NO MULTIÚSOS FONTES DO SAR. HOUBO INCHABLES, CAMAS ELÁSTICAS, XOGOS E OBRADOIROS PARA NENOS DE ATA 12 ANOS E AS SÚAS FAMILIAS.

OS/AS PARTICIPANTES DEBÍAN REALIZAR UN DONATIVO DE 5 EUROS, DESTINADOS INTEGRAMENTE Á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (AECC), RECIBINDO UNHA GORRA CONMEMORATIVA ROSA.

NO ESPAZO DA ENTRADA DO PAVILLÓN HOUBO UN EXPOSITOR DE AECC CON INFORMACIÓN SOBRE O TEMA. ALÍ TAMÉN SE PODÍAN ADQUIRIR OUTROS ELEMENTOS CONMEMORATIVOS DO EVENTO, COMO GAFAS DE SOLO OU PULSEIRAS. ESTE EXPOSITOR DA AECC ESTIVO TAMÉN INSTALADO CON MOTIVO DO PARTIDO QUE POLA MAÑÁ DISPUTARON O RÍO NATURA MONBUS OBRADOIRO E O GIPUZKOA BASKET. OS QUE O DESEXARAN TAMÉN PODÍAN DEIXAR AS SÚAS MENSAXES DE APOIO NUNHA CORTIZA INSTALADA POLA AECC.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

A VALORACIÓN POR PARTE DAS ENTIDADES IMPLICADAS NA ORGANIZACIÓN FOI MOI POSITIVA, XA QUE SE CONSIDEROU QUE A TRAVÉS DE ESTA ACTIVIDADE CONTRIBUÍUSE A VISIBILIZAR E DIFUNDÍR A IMPORTANCIA DA PREVENCIÓN E DOS HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES, ADEMAIS DE FACER UNHA DEMOSTRACIÓN DE QUE SE LLE PODE FACER FRENTE A DITA ENFERMIDADE.

Dos /das participantes

VALORACIÓN POSITIVA COMO CONTRIBUCIÓN Á ELIMINACIÓN DE TABÚES SOBRE O TERMO CANCRO E COMO CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN.

Custo global da actividade:	**3.000,00 €**

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS: (organizadas polo CIM).

Identificación da actividade	ACTOS CONMEMORATIVOS DO DÍA 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. **"II CONGRESO INTERNACIONAL DE INTERVENCIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XENERO"**
Lugar e datas de realización	CIDADE DA CULTURA.. EDIFICIO CINC. 27, 28 E 29 DE NOVEMBRO.
Núm. de horas	20 HORAS.

Núm. de participantes

HOMES										
por idade	**<18:**	0	**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	
MULLERES										
por idade	**<18:**	0	**18-30:**		**30-40:**		**40-50:**		**> 50:**	

PÚBLICO OBXECTIVO	PROFESIONAIS RELACIONADOS COA PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E INTERVENCIÓN EN VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición do contido da actividade

INICIATIVA ENMARCADA NO III PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO (APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DO 20/10/2009 E PRORROGADO NA SESIÓN DO 13/02/2012 ATA O ANO 2014). ESTA ENTIDADE TEN ENTRE AS SÚAS PRIORIDADES NA ESFERA DA *COOPERACIÓN INSTITUCIONAL* O SEGUINTE OBXECTIVO XERAL:
"CONSOLIDAR AS CANLES DE COOPERACIÓN INTERINSTITUCIONAL PARA ALCANZAR A IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES, ESTABLECENDO E FOMENTANDO ESTRUTURAS DE COORDINACIÓN INTERADMINSTRATIVA". POR CONSEGUINTE A REALIZACIÓN DESTE CONGRESO.
COMO OBXECTIVO XERAL DO **II CONGRESO INTERNACIONAL DE INTERVENCIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XENERO**: PROPORCIONAR UN LUGAR DE INTERCAMBIO E REFLEXIÓN SOBRE OS DIFERENTES ENFOQUES DE ACTUACIÓN ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA MELLORAR A FORMACIÓN ENTRE OS DIFERENTES PROFESIONAIS CARA A UNHA EFICAZ PREVENCIÓN. REALIZÁRONSE:

CONFERENCIAS IMPARTIDAS POR RELATORES QUE ABORDARÁN OS DISTINTOS ASPECTOS RELACIONADOS COA VIOLENCIA DE XÉNERO E MESAS REDONDAS CON TEMAS ESPECÍFICOS DESDE DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN CON DEBATE POSTERIOR E PARTICIPACIÓN DOS/AS CONGRESISTAS.

Valoración da actividade desenvolvida

da entidade organizadora

O CONGRESO TIVO UNHA GRAN ACOLLIDA, E POR ESTO POLO QUE ENTENDEMOS QUE É UN REFLEXO DA CADA VEZ MAIOR SENSIBILIDADE E COMPROMISO POR ENCONTRAR SOLUCIÓNS Á VIOLENCIA DE XÉNERO E ÁS DISTINTAS PROBLEMÁTICAS XURÍDICAS, SANTITARIAS; PSICOLÓXICAS E SOCIAIS QUE DE ELA SE DERIVAN.

do público asistente

UNHA PARTICIPACIÓN DE 160 PERSOAS ASISTENTES E 30 OÍNTES. PREFERENTEMENTE PROFESIONAIS RELACIONADOS COA PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E INTERVENCIÓN EN VIOLENCIA DE XÉNERO (AXENTES DE IGUALDADE, PERSOAL DOS CIMS, PERSOAL DE SS.SS., PERSOAL DE ÁMBITO SANITARIO, XUDICIAL).
O ACCESO DAS PERSOAS PARTICIPANTES AO CONGRESO REALIZOUSE FORMALIZANDO UN BOLETÍN DE INSCRICIÓN A TRAVÉS DA WEB DO CONGRESO, DONDE TAMÉN SE RECOLLERÓN TODO TIPO DE VALORACIÓNS SOBRE O MESMO.

ALTO GRAO DE VALORACIÓN POR PARTE DOS CONGRESISTAS ASISTENTES.

Custo global da actividade:	**32.307 € (ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA EXCMA: DEPUTACIÓN DE A CORUÑA).**

3. COMENTARIOS OU OBSERVACIÓNS SOBRE AS FUNCIÓNS DO CIM.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ACORDA A CREACIÓN DUN CIM (CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER) EN VIRTUDE DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2004 E O 19 DE MAIO DE 2005 OBTÉN A ACREDITACIÓN COMO TAL. DESTA FORMA INTEGRASE NA REDE DE CIMS E REGÚLASE O SEU FUNCIONAMENTO POLO DECRETO 182/2004, DO 22 DE XULLO.
O CONCELLO DE SANTIAGO, NON OBSTANTE, VIÑA REALIZANDO FUNCIÓNS DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E DE LOITA CONTRA A DESIGUALDADE DE XÉNERO E PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DA MULLER DENDE O ANO 1992.

A TRAVÉS DO C.I.M. PRETÉNDESE:

- DETECTAR AS CAUSAS REAIS DA DESIGUALDADE E LOITAR EFICAZMENTE CONTRA ELAS, PROMOVENDO A IGUALDADE DA MULLER E MELLORANDO A SÚA CONDICIÓN NO ÁMBITO LABORAL, FAMILIAR, DE SAÚDE, EDUCACIÓN, CULTURA, ETC.
- PREVIR E LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, XA QUE ESTA É O RESULTADO MÁIS TRÁXICO DA DESIGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.
- POTENCIAR A INFORMACIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES, COMO: PRESTACIÓNS, PROGRAMAS, XESTIÓNS, CURSOS DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN LABORAL E PROFESIONAL, ETC, ONDE UNHA ASESORA XURÍDICA, UNHA PSICÓLOGA E UNHA TRABALLADORA SOCIAL ASISTEN E ASESORAN ÁS DEMANDAS DAS MULLERES DESTE CONCELLO.

O C.I.M DESENVOLVE DOUS TIPOS DE ACTUACIÓNS: ASISTENCIAIS E COMUNITARIAS.

AS ACTUACIÓNS ASISTENCIAIS CONSISTEN EN: A ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA E CONFIDENCIAL DAS MULLERES A TRAVÉS DA AVOGADA, PSICÓLOGA E TRABALLADORA SOCIAL, NA QUE SE TRABALLA EN ASESORÍA XURÍDICA, ASISTENCIA PSICOLÓXICA E ATENCIÓN SOCIAL. ESTA ATENCIÓN COMPLEMÉNTASE CO RESTO DO EQUIPO DE PERSOAL DA CONCELLARÍA DE BENESTAR SOCIAL E MULLER: TRABALLADORAS SOCIAIS , EDUCADORAS FAMILIARES, UNIDADE DE ATENCIÓN A FAMILIA (UAF), UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENCIAS (UMAD) E UNIDADE DE ATENCIÓN ÁS MIGRACIÓNS (UAMI).

AS ACTUACIÓNS COMUNITARIAS PRETENDEN: PROMOVER A PARTICIPACIÓN SOCIOCULTURAL DA POBOACIÓN FEMININA DESTE CONCELLO A TRAVÉS DE CHARLAS, CONFERENCIAS, CURSOS, REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, PREMIOS; CO FIN

DE DIFUNDIR E SENSIBILIZAR Á POBOACIÓN EN XERAL DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

TENDO EN CONTA QUE O CIM, CRÉASE CO PROPÓSITO DE ATENDER AS DEMANDAS DA POBOACIÓN E, EN CONCRETO, PARA ARTICULAR OS MECANISMOS NECESARIOS PARA FACER VALER OS DEREITOS DAS MULLERES E IMPLICAR Á COMUNIDADE, NO SEU CONXUNTO, NA CONSECUCIÓN DA REFERIDA IGUALDADE.

EN ARAS DE LEVAR A CABO E CUMPRIR CO OBXECTIVOS DA SÚA CREACIÓN, O CIM ADEMAIS DOS PROGRAMAS BÁSICOS DE ACTUACIÓN EXPLICADOS E QUE TEÑEN UN CARÁCTER ESTABLE; PUXO EN MARCHA DIVERSOS SERVIZOS PROPIOS, CON UN CARÁCTER TAMÉN ESTABLE; E QUE EXPLICAREMOS A CONTINUACIÓN:

- SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
- PROGRAMA VAGALUME: PISO DE ACOLLIDA "O NOSO LAR".

SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓBIL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

O CONCELLO DE SANTIAGO A TRAVÉS DO CIM, SOLICITOU A ADHESIÓN DESTA CORPORACIÓN AO SERVIZO DE TELEASISTENCIA MÓVIL PARA VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2005.

DESCRIPCIÓN DO SERVIZO:

ESTE PROGRAMA OFRECE ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, QUE CONTE CON ORDEN DE PROTECCIÓN UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E A DISTANCIA.

O SERVIZO SE BASA NA UTILIZACIÓN DAS TECNOLOGÍAS DE COMUNICACIÓN TELEFÓNICA MÓVIL E DE TELELOCALIZACIÓN.

O OBXECTIVO PRIMORDIAL DO SERVIZO

- GARANTIR UNHA ATENCIÓN INMEDIATA E ADECUADA ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.

CARACTERÍSTICAS DOS TERMINAIS

OS TERMINAIS DE USUARIA PERMITEN:

- A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA USUARIA
- A COMUNICACIÓN TELEFÓNICA DE VOZ (VIA GSM)

O NÚMERO DE TERMINAIS ACTIVOS A DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2014 ASCENDE A 17.

SERVIZO SEN CUSTO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCÉSANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. PROGRAMA VAGALUME: PISO DE ACOLLIDA: "O NOSO LAR".

NO ANO 2008 ASINOUSE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E A ASOCIACIÓN CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA: "O NOSO LAR" DENTRO DO PROGRAMA VAGALUME.

O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA "O NOSO LAR" OFRECE RESPOSTA ÁS MULLERES QUE VIVINDO OU TENDO VIVIDO EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN, PASAN POR UNHAS ESPECIAIS DIFICULTADES OU, POR UNHA SITUACIÓN DE RISCO, QUE IMPIDEN A SÚA AUTONOMÍA, REQUIRINDO DUNHA INTERVENCIÓN ESPECÍFICA E DUN ALOXAMENTO SEGURO. DESTE XEITO O PROXECTO DO PISO DE ACOLLIDA INTÉGRASE DENTRO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA Á MULLER EXCLUÍDA OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL "VAGALUME".

O NÚMERO DE BENEFICIARIAS DO PROXECTO É DE SEIS MULLERES (ASÍ COMO OS SEUS FILLOS/AS MENORES QUE CONVIVAN CON ELAS E SE ATOPEN EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL).

OS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO CONCRÉTANSE EN:

- DAR APOIO PROFESIONAL DE URXENCIA.
- PROPORCIONAR ALOXAMENTO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA.
- PROPORCIONAR UNHA VIVENDA SEGURA ÁS MULLERES VÍTIMAS DO TRÁFICO DE PERSOAS PARA Á EXPLOTACIÓN SEXUAL.
- PRESTAR ATENCIÓN PSICOLÓXICA, MÉDICA, SOCIAL E XURÍDICA ÁS MULLERES DESTINATARIAS DO PROXECTO.
- PROPICIAR A MELLORA DA SÚA CALIDADE DE VIDA.
- APOIAR PROCESOS DE RETORNO DAS MULLERES AOS SEUS PAÍSES DE ORIXE.
- APOIAR PROCESOS DE INTEGRACIÓN SOCIAL E LABORAL NO NOSO PAÍS.

CUSTO: 34.000,00 €.

4.SUXESTIÓNS.

DENDE O CIM OBSÉRVASE A NECESIDADE DE QUE TODA A FORMACIÓN QUE SE OFERTA AO PERSOAL DOS CIM DENDE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE SE LEVE A CABO A TRAVÉS DUN PLANO DE FORMACIÓN ANUAL, PAUTADO A INICIOS DE ANO, PARA QUE DITA FORMACIÓN NON SE REDUZA COMO BEN SENDO HABITUAL NO ÚLTIMO TRIMESTRE DO ANO.

TAMEN SE OBSERVA A NECESIDADE DE ESTABLECER PROTOCOLOS DESTINADOS A COORDINAR E OPTIMIZAR AS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO E REUNIÓNS INTERDISCIPLINAIS ENTRE TODOS/AS OS/AS PROFESIONAIS QUE FORMAN PARTE DA REDE DE CIMS.

5.RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.

- CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER DE GALICIA.
- CHUS (CENTRO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO).
- UNIDADES SAÚDE MENTAL.
- CENTROS DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA.
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
- INSTITUTOS DE ENSINO SECUNDARIO E BACHERELATO.
- CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA .
- XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 3 DE SANTIAGO.
- XULGADOS DO PENAL Nº1 E Nº2 DE SANTIAGO.
- GRUPO DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR DA POLICÍA AUTONÓMICA.
- GARDA CIVIL.
- POLICÍA LOCAL.
- POLICÍA NACIONAL: UPAP (UNIDADE DE PREVENCIÓN, AUXILIO E PROTECCIÓN CONTRA OS MALOS TRATOS Á MULLER). SAF (SERVIZO DE ATENCIÓN Á FAMILIA DA POLICÍA XUDICIAL).
- CENTROS PENITENCIARIOS DE TEIXEIRO E MONTERROSO.
- PROXECTO HOME.
- ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS E VOCALÍAS DA MULLER DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DO CONCELLO.
- CONCELLERÍAS DE SERVIZOS SOCIAIS DOS CONCELLOS DA COMARCA DE SANTIAGO.
- COLEXIO DE PSICÓLOGOS DE GALICIA.
- COLEXIOS E AVOGADOS DE SANTIAGO, CORUÑA E FERROL.

- COLEXIO DE DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL E ASISTENTES SOCIAIS DE GALICIA.
- SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA DO COLEXIO DE AVOGADOS DA CORUÑA.
- SERVIZO DE EXTRANXEIRÍA DA POLICÍA NACIONAL.
- FISCALÍA.
- FUNGA.
- IMELGA.
- EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
- PUNTO DE ENCONTRO (GOF. XUNTA DE GALICIA).
- SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE.
- SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR.
- CÁRITAS INTERPARROQUIAL.
- CENTRO VAGALUME DE ATENCIÓN Á PROSTITUCIÓN.

6.RELACIÓNS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

TODAS AS ACTIVIDADES REALIZADAS DESDE O CIM, FORON DIVULGADAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CONCELLO, DE PRENSA ESCRITA, RADIO E TELEVISIÓN, CARTELERÍA E CARTAS.

EN PRENSA ESCRITA, OS DIARIOS MÁIS UTILIZADOS SON: "LA VOZ DE GALICIA" E "EL CORREO GALLEGO" .

EN RADIO, AS EMISORAS MÁIS UTILIZADAS SON: "LA CADENA SER", "LA CADENA COPE", "ONDA CERO" E "A RADIO GALEGA".

EN TELEVISIÓN, AS CANLES MÁIS UTILIZADAS SON: "A TVG", "SANTIAGO TV" E "CORREO TELEVISIÓN", "V TELEVISIÓN".

7.FORMACIÓN.

DIRECTORA

- IX Xornadas de formación Educación, Xénero e Igualdade. CIFEX. Universidade de Santiago . (30 horas).
- Xornadas Formativas para profesionais: Violencia de Xénero. Concello de Santiago. (60 horas).
- Curso: Sistema de protección á Infancia. Concello de Santiago. (20 horas).
- Curso: Saúde Mental e Servizos Sociais. Concello de Santiago. (20 horas).
- I Foro de Educación Emocional e Social. Una Grupo Business Global S.L. (8 Horas).
- II Congreso Internacional de Intervención e Prevención da Violencia de Xénero. Concello de Santiago. (20 horas).

ASESORA XURÍDICA

- IX Xornadas de formación Educación, Xénero e Igualdade. CIFEX. Universidade de Santiago . (30 horas).
- Xornadas Formativas para profesionais: Violencia de Xénero. Concello de Santiago. (60 horas).
- Curso: Sistema de protección á Infancia. Concello de Santiago. (20 horas).
- Curso: Saúde Mental e Servizos Sociais. Concello de Santiago. (20 horas).
- II Congreso Internacional de Intervención e Prevención da Violencia de Xénero. Concello de Santiago. (20 horas).
- Procedemento Administrativo. Deputación de A Coruña. (50 horas).
- LibreOffice. Deputación de A Coruña. (60 horas).
- A Adaptación das ordenanzas locais á directiva de Servizos. USC e Fegamp. (30 horas).
- Institucións e aplicación do ordenamento xurídico da UE. USC e Fegamp. (30 horas).
- A reforma do Código Penal. CSIF. (50 horas).
- Revisión de actos en vía administrativa. Fegamp. (30 horas).

- Relaciones con las Administraciones públicas. AFEDAP e UNED. (150 horas).

PSICÓLOGA

- IX Xornadas de formación Educación, Xénero e Igualdade. CIFEX. Universidade de Santiago . (30 horas).
- Xornadas Formativas para profesionais: Violencia de Xénero. Concello de Santiago. (60 horas).
- Curso: Sistema de protección á Infancia. Concello de Santiago. (20 horas).
- Curso: Saúde Mental e Servizos Sociais. Concello de Santiago. (20 horas).
- I Foro de Educación Emocional e Social. Una Grupo Business Global S.L. (8 Horas).
- II Congreso Internacional de Intervención e Prevención da Violencia de Xénero. Concello de Santiago. (20 horas).

TRABALLADORA SOCIAL

- IX Xornadas de formación Educación, Xénero e Igualdade. CIFEX. Universidade de Santiago . (30 horas).
- Xornadas Formativas para profesionais: Violencia de Xénero. Concello de Santiago. (36 horas).
- Curso: Sistema de protección á Infancia. Concello de Santiago. (20 horas).
- Curso: Saúde Mental e Servizos Sociais. Concello de Santiago. (20 horas).
- I Foro de Educación Emocional e Social. Una Grupo Business Global S.L. (8 Horas).
- II Congreso Internacional de Intervención e Prevención da Violencia de Xénero. Concello de Santiago. (20 horas).

ADMINISTRATIVA

- IX Xornadas de formación Educación, Xénero e Igualdade. CIFEX. Universidade de Santiago . (30 horas).
- Certificado Galego de Competencias dixitais en Ofimática.F2014-000933. Xunta de Galicia. (190 horas).

8. ANEXOS.

A CONTINUACIÓN ADXÚNTASE REVISTA DE PRENSA E TODO O MATERIAL EMPREGADO PARA A DIVULGACIÓN E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CIM DEPENDENTE DA CONCELLARÍA DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS (FAMILIA, EDUCACIÓN, MULLER E IGUALDADE, BENESTAR SOCIAL E MAIORES).